

Orientación académica

Caderno de bienvenida ao alumnado de 1ºESO



Tfno: **881866707**

Fax: **881866709**

Correo: **ies.porto.son@edu.xunta.es**

Web: **www.ieson.gal**

Dirección: **As Laxes 18
15970, Porto do Son**

1. Que é a ESO?

A ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) é unha nova etapa educativa a continuación da Educación Primaria, que se cursa dende os 12 ós 16 anos. Estrutúrase en dous ciclos: o primeiro ciclo consta de tres cursos (1º, 2º e 3º), e o segundo ciclo consta dun só curso, 4º de ESO.



As finalidades desta etapa educativa son:

1. Adquirir unha cultura básica.
2. Formarse como cidadáns, cos seus dereitos e obrigas.
3. Desenvolver hábitos de estudo e de traballo.
4. Prepararse para incorporarse a estudos posteriores.

2. As materias que se estudan en 1º ESO

- Bioloxía e xeoloxía (4h)
- Xeografía e historia (3h)
- Lingua castelá e literatura (4h)
- Matemáticas (5h)
- Primeira lingua estranxeira (3h)
- Educación física (2h)
- Educación plástica, visual e audiovisual (2h)
- Segunda lingua estranxeira (2h)
- Relixión ou valores éticos (1h).
- Lingua galega e literatura (4h)
- Oratoria ou Paisaxe e sustentabilidade (1h)

En 1º e 2º de ESO hai un conxunto de materias chamadas troncais, específicas e de libre configuración autonómica e do centro.

En cada curso de ESO deberás escoller entre Relixión ou Valores Éticos, e poderás cambiar esta opción cada ano, se o desexas.

Tamén deberás escoller unha materia de libre configuración en 1º e 2º de ESO, das que che oferta o centro:

Materia de libre configuración de 1º ESO (1h):

- Oratoria.
- Paixaxe e Sustentabilidade.

Materia de libre configuración de 2º ESO (1h):

- Promoción de estilos de vida saudables.
- Investigación e tratamento da información I T I (Con Iniciación ao audiovisual).

3. O contido das optativas de 1º de ESO

Só nos referiremos aos contidos das materias de libre configuración de 1º ESO :

- 3.1. Oratoria .
- 3.2. Paixaxe e Sustentabilidade.



3.1. Oratoria

A oratoria é a arte de expresarse correctamente, tanto de xeito oral coma escrito. Nesta materia aprenderás, entre outras cousas, a:

1. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas do teu interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
2. Ler, comprender axeitadamente, e interpretar textos escritos e orais variados.
3. Comprender, interpretar e resumir o significado xeral de informacións procedentes da comunicación audiovisual, e facelo tanto de xeito oral coma escrito.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais e escritos sobre temas de actualidade e do teu interese.
5. Usar os recursos que ofrecen a biblioteca do centro e as TIC para obter información e solucionar dúbidas de traballo.
6. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.

3.2. Paisaxe e sustentabilidade

Esta materia analiza o territorio tal e como o percibe o ser humano, resultado da interacción de factores naturais e/ou humanos. Aprenderemos, entre outras cousas, a:

1. Recoñecer a capacidade das paisaxes para xerar emocións individuais e colectivas.
2. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas de tempos pasados no presente.
3. Avaliar as accións positivas e negativas do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias.
4. Considerar o valor económico da paisaxe e a súa fragilidade como recurso.
5. Valorar a importancia dos espazos naturais próximos ao seu entorno.
6. Realizar pequenas investigacións, en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima.

4. Titoría

Cada grupo na Educación Secundaria Obrigatoria ten asignado un profesor titor/a que ten as seguintes funcións:



- Coordinar a avaliación e o proceso de aprendizaxe do alumno.
- Servir de canle de comunicación entre os alumnos e os demais membros da comunidade educativa.
- Orientar aos alumnos nas opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses.
- Informar ás familias do desenvolvemento do alumno no centro.

O profesor titor/a ten unha hora de reunión semanal co seu grupo de alumnos para realizar un seguimento da clase. Tamén se adicará esa hora semanal a realizar actividades titoriais relacionadas con valores, técnicas de estudo, orientación académica, etc..

O titor/a tamén ten asignada unha hora semanal para reunirse cos pais/nais.

Dependendo do curso, realízanse unha serie de programas e actividades propostas polo Departamento de Orientación:

- Técnicas de estudo (Para ser un estudante experto/a)
- Habilidades sociais (Para ser mellor persoa cada día).
- Convivencia (Para aprender a resolver e a prever conflitos).
- Orientación vocacional (Para escoller estudos e profesións).
- O uso restrinxido do móbil no instituto (Non está permitido no centro).

O teu **titor/a** será unha figura moi importante ao longo da ESO, e aínda que cambiará en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cada que precises algún tipo de axuda ou información. Desde que comezas no Instituto, o teu titor ou titora axudarache a resolver todas as dúbidas que teñas, e será o teu guía para integrarte e adaptarte ao novo centro.

5. Avaliación e Promoción de curso

Consiste en valorar se os alumnos acadan os obxectivos educativos establecidos nas diferentes materias. Esta valoración (que se reflicte nas notas) realízase trimestralmente polos profesorado do grupo, coordinados polo titor/a. Os resultados que se fan constar no expediente académico son os de final de Curso.

A valoración exprésase igual que en primaria, mediante estas cualificacións numéricas:

Sobresáinte: 9 ou 10

Notable: 7 ou 8

Ben: 6

Suficiente: 5

Insuficiente: 4, 3, 2, 1



5.1. Promoción de curso

O alumno/a deberá ter aprobadas todas as materias para promocionar de curso cunha nota mínima de 5. Só se poderá promocionar de curso cun máximo de 2 materias suspensas, sempre que non sexan Lingua Galega ou Lingua Castelá e Matemáticas simultaneamente.

As materias pendentes de cursos anteriores contan tamén para a promoción. Así mesmo, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

Pódese repetir 2 veces como máximo en toda a etapa.

Ao rematar cada un dos cursos de ESO cada alumno recibirá un Consello Orientador do equipo de profesores/as con recomendacións sobre o itinerario a seguir no curso seguinte e información sobre o grao de adquisición dos obxectivos e das competencias clave.

6. Recuperacións

No caso de suspender algunha materia nun trimestre terás a oportunidade de recuperala no seguinte ou, dependendo do profesor aprobar a seguinte (Avaliación continua). Se na avaliación final de xuño suspendes algunha materia deberás presentarte aos exames de recuperación en SETEMBRO.

No caso de promocionar ao seguinte curso con algunha suspensa deberás intentar recuperala tamén no curso seguinte mediante uns exames ou traballos específicos.

7. Titulacións

Unha vez rematada a ESO, os alumnos que superen todas as materias, ou suspendan un máximo de dúas, que non sexan Lingua Castelá/Lingua Galega e Matemáticas simultaneamente, recibirán o título de GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA. Este título permite o acceso aos seguintes estudos:

- Bacharelato (2 cursos)
- Formación profesional de grao medio (2 cursos)
- Ensinanzas de rexime especial (grao medio): artes plásticas e deseño, ensinanzas deportivas.



8. Medidas de atención á diversidade

Ao longo de cada curso de ESO o instituto organizará diferentes medidas de atención á diversidade para axudar aos alumnos no caso de que presenten dificultades de aprendizaxe. Estas medidas serán propostas polo profesorado e poden ser:

- Exención de 2º lingua Estranxeira en 1º e 2º.
- Adaptacións curriculares das materias.
- Reforzos.
- Agrupamentos.
- Desdobramentos.
- Integración de materias en ámbitos de coñecemento.
- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR)
- Apoio por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Apoio de persoal auxiliar técnico educativo para necesidades específicas.

9. Avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase, en todos os cursos de ESO, realizaranse actividades de avaliación inicial nas materias, co fin de coñecer os niveis de partida do alumnado. O fin desta avaliación é adaptar as materias ás necesidades dos alumnos/as. Non é preciso preparar nada, tan só participar con interese e ilusión por comezar un novo curso.

10. Horarios

Terás un total de 32 sesións semanais de 50 minutos. A **hora de entrada é ás 8:20 e a de saída ás 14:00h**. Os luns hai clases pola tarde, **de 16:20h a 18:00h**. No IES de PORTO DO SON ao longo da mañá haberá dous recreos de 20 minutos; ás 10h e ás 12h.

11. Fondo de libros

Aqueles que participan no Fondo Solidario de Libros e axudas de material escolar deben entregar a documentación necesaria antes do **22 de Xuño de 2018**, seguindo as instrucións que figuran na páxina web do IESON (www.ieson.gal), ou na secretaria do centro.

12. Recomendacións para ter éxito na ESO

1º Utiliza a túa axenda. Mellor anotar todo (tarefas, datas, dúbidas, ...) nunha axenda que nunha simple libreta. A axenda deberá acompañarte sempre e debes tela axenda dispoñible na mesa de clase e na mesa de estudo da túa casa.

2º Organiza o tempo de estudo na casa. Desde o primeiro día de clase elabora un horario de estudo, reserva tempo non só para facer os deberes senón tamén para repasar, adiantar traballos, lectura de libros. Ten en conta as outras actividades extraescolares que realizas para que o horario sexa realista. Fai un uso responsable do móbil, de calquer dispositivo electrónico e de Internet. Estes horarios tamén deben ser flexibles, debes revisalos todas as semanas e modificalos se fai falta.

3º Estuda un pouco cada día. A dedicación diaria e tranquila aos estudos é a mellor medida para ter éxito. Repasa o que se deu na clase ese día. Todas as semanas convén adicarlle un par de sesións de estudo a cada materia. Unha sesión de estudo na casa poder durar 45 minutos, así que tenta estudar unha ou dúas materia cada día.

4º Atende na clase e leva os apuntes ao día. Aproveita o tempo na clase, atende ás explicacións do profesor/a, mantente activo/a, pregunta, pide axuda ao profesorado ou aos compañeiros/as. Cando estudes unha materia procura lembrar o que se explicou na clase.

5º Prepara os exames con antelación. En secundaria non terás exames con moita frecuencia, xa que se realizan fundamentalmente en decembro, marzo e xuño. Os exames normalmente concéntranse en dúas semanas que coinciden antes das vacacións (Nadal, Semana Santa e Verán), así que nesas dúas semanas podes ter máis dun exame nun mesmo día. Se o deixas para o final terás moita materia acumulada e non che dará tempo a estudala.

Estuda a diario como se tiveses un exame de cada materia cada semana, así estarás sempre preparado/a e relaxado/a. Recorda que durmir o suficiente, almorzar antes de vir ao instituto, non ter o móbil xunto a cama e usar un despertador fará máis doado os teus éxito académico.

6º Realiza un estudo activo. Estudiar pode resultar aburrido se te adicas só a ler ou memorizar. Aplica diferentes técnicas para manterte activo/a e concentrado/a. Lembra este método:



1. Pre - Lectura ou lectura rápida.
2. Lectura lenta e comprensiva.
3. Suliñado.
4. Esquema.
5. Memorización do esquema.
6. Repaso.

13. Matrícula

1º ESO:

Prazo:

28 e 29 de Xuño de 2018

Horario: 9,30-13,30h

DOCUMENTACIÓN (Entregar no IES):

- Impreso de matrícula.
- Fotocopia do DNI do alumno.
- 2 fotografías tamaño carné (nome e curso escrito no reverso).
- Fotocopia das notas do curso 2017-18.
- Fotocopia da páxina onde está rexistrado o/a alumno/a no libro de familia.
- 1 Sobre americano aberto co sello pegado para correo postal.
- Folla de autorización para: uso da imaxe, desprazamentos durante o horario escolar e proporcionar conta de correo electrónico.



14. A nosa Biblioteca

Dende este servizo desenvólvese: a dinamización da lectura, a formación de usuarios, a alfabetización informacional, o préstamo de fondos, etc.

[Blog da Biblioteca do IESON](#)

<http://etikeles.wordpress.com>

